

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

ESCOLMA
DE
POESÍAS



PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1972

DEMIA

GA

UÑA

16

eca

REAL ACADEMIA
GALEGA

A CORUÑA

36516

Biblioteca

CUBERTA:

Retrato de Valentín Lamas
Carvajal realizado por Luis F.
P. Xesta.

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



ESCOLMA
DE
POESÍAS



PUBLICACIÓN DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CAUSA
1972



1890

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

ESCOLMA
DE
POESÍAS



VALENTÍN LAMAS CARVAJAL
(1842 - 1900)

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1972

VALENTÍN LAMAS GARVAJAL

ESCOLMA
DE
POESÍAS




PUBLICACIONES DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUSA

Depósito Legal: VG. 70 - 1972

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

(* 1849 - † 1906)

Nun das terras de Galicia, de aldea ben nomeada, creceu no segundo cuarto do século XIX un poeta man do noso país, sentíndose diante da gloria castelá e diante da gloria da Santa Eufemia do Centro, as poucas verbas recitadas por nós do grande poeta. Conectámonos de a mirar estíllamolo por as vías do bractello de algún xunigo ou de súa armazón capota; e tamén de alíndolo de lonxe algunhas verbas no xerido de Pono cada dentro de el, puchados as calas coas nos augadas da luz a de palabra, o prunto de fonte escraustada de Galicia esperiaba creceu na aldea do poeta largaríndolo de etapas e viñas.



VALENTIN TAMAR CARVALHO
(* 1849 - † 1908)

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

(1849 - 1906)

Pra os nados no século XIX a poesía de Lamas Carvajal espalla un engado fondo e lembradoiro. Pois a inspiración e as formas sinxelas da arte do poeta ourensán locen ceibes de embrullos e contradicións, cinguidos longamente ao nome de Lamas. A peneira do tempo e a labouira simpatizante da crítica, ou millor o sentimento das fontelas vivas dos poemas, cumpriron a súa obra xusticieira. “O espertar o día en Conxo”, “O demo e a nai”, ou versos desfiados como: “é xa de día e non ven! “cánto tarda!”, ou “Non cobizoso de lograr a gloria...” cobran novo vivir ao seren ceibados do tempo ourensán, ao que agromaron, antre espiñas de loita máis que política, persoal, tan arrentes do chan lixado e cuspidos.

Hoxe a verdadeira personalidade do Lamas do “Tío Marcos da Portela” xurde delorida i esperanzada. Delorida polos males da Terra e a cegueira física do poeta. Esperanzada, pois na entranza do seu ser Lamas, aínda cultivando e coidando dun pesimismo non valeiro de orguleza e teimosía, non dubidaba da chegada da mañán ditosa pra Galicia.

Nun dos derradeiros días do século XIX, sendo nós aínda ben nenos, cecáis no segundo ano do Instituto, levados pola man do noso pai, sentimos diante da gracia ondeante e lixeira da eirexa da Santa Eufemia do Centro, as poucas verbas escoitadas por nós do grande poeta. Conociámolo de o mirar camiñando polas rúas do braceiro de algún amigo ou da súa amante esposa; e tamén de afitado de lonxe algunhas seráns no xardín de Posío onde dentro de sí, pechados os ollos cegos aos engados da luz e da paisaxe, o pranto da fonte escraustrada de Oseira espertaba cecáis na alma do poeta larganzas de searas e viñas,

animadas polo cantigar do traballo labrego. Ou a memoria, verba e acento de tantos amigos, agromados de xenio, gloria e amor, chamados ben pronto pola morte. Ou, lonxaos por un curto tempo piadoso, o deber da diatriba política ou persoal xornaleira, e o comentario humorístico, tendo o corazón esgarrafizado por feros aceiros, do suceso do día, o poeta apoiado nos largueiros de pedra orcelada da solaina do pazo do ensono, matinaba no maino madurecer de vella e fidalga videira de sucrados ácios dun libro novo; ou locían máis fermosos na súa noite de cego os soles acendendo os seixos e as fenestras nos espallados horizontes dunha Galicia vibradoira co badalar de torres de optimismo.

O autor do *Catecismo do labrego* ensoaba de fixo unha grande, fonda e vidal democracia de parroquias mariñeiras e labregas, cinguidas por vieiros de paz, baixo a presidencia de vilas e cidades inspiradas na xenerosa chama do rexurdimento galego... E nós non podíamos inorar a sona daquel home por uns odiado, polos máis admirado ou compadecido, pois os seus epigramas e guerrilla de versos como saetas eran cousa de todas as mañás daquel Ourense dos pregos acenando malicias, do baixo marmullar afogador de belidos e finos espíritos. I era, pra nós, un misterio aquel home, máis envellecido do que vello, groso con algo de podente carballa mal decotada, e aquel medo e compasión dos anteollos de cego de feira e zanfona, anteollos como reixas de convento de monxas choídas; tampa e supulcro duns ollos noutrora espellos do espírito xeneroso e lumioso dun dos millores ourensáns que teña feito acordar a Prima da catedral, e de nenos teñan agatuñado cas gorxas enxotas as costas do Montalegre, pra crebar a sede no suco acedo e gostoso a camiños e amores dos morogos e o seu gostar de bicares pecadentos.

Aquelas palabras escoitadas a Lamas foron poucas, e deixaron no neno a impresión da xiada do día de San Marcos no pomar frolecido de esperanzas. Como o noso pai dixera algo do noso gosto de nenos polas letras —daquela un refrexo de aas dubidosas en augas novas, de Bécquer, e apenas o demorado roncollo do mar en irtas penedías do comezo das *Memorias* de Chateaubriand—, dos labres envolveitos en foscas barbas do poeta xurdiron verbas deloridas sobre a profesión literaria. O ideal, asegún entón o poeta, era unha lareira aldeá, ca xerra de viño e lonxe de calquer cavilación de verso ou prosa. Nós pensamos, cecáis equivocadamente, que se dirixía a nós co acedo placer de enxoiar pra sempre nun rapaz a máis levián vocación literaria. A voz figuróusenos chea e rexa. E tivemos unha sensación de tristura

soio espaxada pola alegría —esas alegrías de doente que son as máis puras e verdadeiras— das palabras do noso pai.

Máis ou menos tempo, viviu de mozo Lamas en Compostela. Dise que comezando a estudar Medicina. De calquera xeito, a estaxe compostelán deixou en Lamas un tesouro de lembranzas, conformou o seu senso histórico de Galicia e foi ocasión do trato cos millores inxenios da xuventude de entón. Sinón de clínicas e anatomías, Santiago foi pra Lamas Universidade de poesía lembradoira, e cecais levóu millor a noite da ceguedade gracias aos parchelios e auroras do Norde, acesos e desenrolados en groriosas luces e cromáticas sobor das lendas de Santiago. Vivíunas con fe e amor de home do pobo. E así compuxo “O esperar o día en Conxo”, o himno ao Pico Sacro e outras composicións que o fan dino do elenco dos bos chantres de Compostela. Un tesouro co tempo e a concencia da delor, e do longo e acedo da delor máis locente e fermosa. Agás de paseos i estadas nas aldeas, foi o soio viaxar de Lamas aqués anos, hoxe dubidosos a traveso dos críticos, o dunha Pilingrinaxe xacobeá ben herdada nos millores froitos sin outono.

Vicetto, levado polo vento do seu Romantismo, andivo moito por terras de Ourense, e nos espellos melancónicos da Limia sentíu, á sombra máis victorhuguesa do que walterscotiana, da torre de Sandiás, a lenda dos “ollos do Ánxel da Morte”. A cal escoitou aos poucos días, ben versificada, en Ourense, a un xoven poeta ao que augura un grande porvir. Era o mozo Lamas. E temos a intuición, máis do que o convencimento, de ser moi estilo Vicetto o galeguismo histórico do poeta ourensán. A mesma ambiciosa frolesta de torres e rumor de augas rebeldes do mundo feudal, un Pico Sagro orleado de símbolos de monarquía suévia. Falando de Lamas e dos seus degoiros poéticos, como falando de Curros, xurde un nome de seu inspirado e inocente, de lonxe tiránico a pesar seu nos horizontes literarios de España. O poeta da oxiva e do craustro, o das noites hispalenses o granadinas recendentes a laranxas e roseiras tiña conquerido todos os temas dunha España de Romanceiro, optimista e xentil lonxe dos escuros agromares das línguas e as culturas no lusco fusco alboradeiro do tempo románico.

A demorada descuberta do románico aminguou moito e delorosamente a verdade e beleza do sentimento do pasado nos poetas i ensaístas galegos do XIX. Hastra o patriarca Murguía, serra de Meda ricaz de fontelas cantareiras ben logo volveitas ríos calmos, soio era ditoso

no fino agromar do pensamento e do mollo de arcos oxivos. Din que Zorrilla procuraba nunha vella edición de Mariana temas pra os seus dramas. Tamén no autor de *Los Hidalgos de Monforte* domina a Sorbona do outono da Edade Media sobre a frol de pensamento dos mosteiros orixinarios, e no tocantes a Galicia o voar dun alquicel mourisco engaiolábao. Pensamos, e pensamos ben —a experiencia vai pouco a pouco confirmándoo—, que baixo a briladoira armadura de torres destes optimistas da historia de tapices e trombetas, deita nas íntimas espeluncas a fonte de grave rumor dunha case metafísica tristeza. A que sementa de borrallas de antigos lumes as memorias de Zorrilla, a que fai a Vicetto amador case puro, como Noriega, do ermo e das largacías gándaras dos orixes da historia. Lamas rendíu o seu foro á moda no *Cancionero del Miño*, facendo petar os cascos dos lixeiros cabalos árabes polas rúas de Ourense, e compór ao reiseñor dos pazos románs, suévicos e visigodos, casidas de amor con lembranzas de oasis. Despoixas, o verdadeiro poeta de Ourense díu os seus froitos, xa no craustro da cegueira profeso.

Hai nas xentes, na paisaxe, na composición mesma das arquiteituras da cidade ourensá, un esplendor orguloso e triste. A catedral imperfecta mira cega, como Carvajal, os rumbos do poente no val estreito onde se aveciña tanta beleza e tristura, tanta aceda desesperanza e viva e xentil primavera. E no derradeiro tempo do XIX, ca filoseira e destrución do fermoso e ricaz mantelo de viñas ilustres, a paisaxe de Ourense ficóu desamparada e inzada de cicatrices. E ben cedo o tentadoiro labro roxo das cereixas e moi ergueita e sostida a serenada do reiseñor e os matutinos do merlo, pro tamén cangan os azos as parés esmoreadas das antigas viñas, e o desamparo dos rueiros aldeáns. Dixo un xeólogo, o pai da xeoloxía de Galicia, Guillermo Schulz, ser o val de Ourense un val “romántico”, cecáis guiado pola lembranza das paisaxes de Suabia. “Romántico” ca melancolía de ruínas non do pasado, sinón do porvir, de mollos de torres soio ergueitas polo maxinar, de ditosas aldeas ben inzadas no torrón nutricio.

Somos ourensáns e temos, xa de rapaces con ollos moi abertos, ben esculcados os recantos dos antigos arrabaldos, e as fadigosas e fermosas variacións dos temas paisaxísticos de Ourense. E temos sentido falar cos espectros do seu pasado en moitos vellos do XIX. E intuímos ter sido Ourense como un chafarís de súpeto crebado cando máis perto semellaba comprir o derradeiro latexar da auga inspirada en arco destemido i heroico. Unha impresión de arelanzas non complidas, e

con elo a elegante i esdenosa ironía do craro talento que diante do fracaso pensa de sutaque: “¡Si non valía a pena!”, e fica satisfeito do xogo da súa intelixencia no deserto do escepticismo.

Esta maneira, no pensar e no vivir, foi propia de moitas xentes artesáns e fidalgas do vello Ourense. O noso amor e respecto pra os artesáns dos bairros do Posío, testas esculturadas pola orguleza, a ironía e a fame, en modelos de cidadáns dunha Roma pompeyana e republicana; esdén da preguiza de castes fidalgas deixando esmorecérense os teitos, podreecer os pergameos, tremar diante da posibilidade de acordar cedo non pra traballar, sinón pra botar unha ollada á facenda herdada. O artesán cinguese de seu ao suburbio e o fidalgo arruinado tamén, procurando un acougo no lugar deixado. A tristura dos arrabaldos de Ourense, a pesares do verdecer dos pequenos lameiros e da gracia das augas, síntese e vívese en moitas pinturas do fino artista, calmo e podente, Prego de Oliver, o pintor que sin o querer comenta ca súa paleta sinxela, sabía i esdenosa, a poesía ourensá de Lamas Carvajal.

O seu problema non engana. Os poemas de Lamas nacen e medran na escuridade. Polo mesmo, o amor do poeta é fondo e irmán pra as xentes envolteitas en diferentes xéneros de teebras: os mortos e os labregos. Pra os mortos, pra os queridos amigos mortiños compón poemas emocionados, verdadeiros. Cada un dos mortos mozos leva ao morrer unha esperanza de Galicia e o valeiro da morte xúntase en Lamas ca certidume da ingratidade. Non quixéramos ensaiar a nómina fermosa e tristeira. O poeta soupo botar con amor, mollados en bágoas, os torróns da terra nai na foxa dos queridos difuntiños: Rua Figueroa, Faraldo, Moreno Astray, Placer Bouso.

E pra a escuridade labrega acende Lamas versos de escura luz de lareira, soio quentada por mollos de garamata, de candil negro e fumoso pendurado dun clavo torto. Ás veces a alegría da vendima faille maxinar un pobo ditoso e a cauda de pavo real da vendimia no Ribeiro espállase e recóllese belamente ao son das ledas cantigas vendimeiras. E non fallan —non podían fallar— as visións das Arcadias paisanas na noite carol do poeta cego. Noite cecáis sementada de ardentes luceiros de inmortalidade, que de lonxe semellan xiados diamantes, quezáis de grandeza e destino amolecidos pola dozura da choiva, irmá piedosa dos mil bicos e as mil mans consoadoras.

Algúns poemas de Lamas gardan pra sempre a melanconía de certos intres e recantos da paisaxe ourensá. Como ourensáns, vellos

ourensáns, non podemos leer e lembrar cos ollos enxoiros algúns pasaxes de poemas, como o adicado á esquencida ermida do Porto Vello ou aquel onde vaga o arrecendo de quentes mitos e cipreses do cemiterio de Ourense. No asucado dos versos aduviñase unha beleza cecáis non ben espresada. Fican lonxe, por demáis teoréticos, Hugo Fóscolo cas súas heroicas grandezas neoclásicas, e o mesmo Paul Valery quintaesenciando ánimas e ósos, entrambos cemiterios non mediterráneos. Na Galicia o sol non enxoiro o corpo, e máis ben a cinza humá síntese terra labrega e a servidume do vivir pode ter medo á mesma servidume do pasamento.

Sabe Lamas o falar das lavandeiras da Loña, non perdéu nin un chisco do acento das rianxeiras de Canedo ou de Parderrubias. A mañán ourensá é de espranzas, presas e priguizas labregas. Pois son —ou eran— ricas de emoción as priguizas do home antergo do agro, da muller engaiolada no misterio calado dos eidos. Hoxe ha ser outra cousa. Ourense illase do campo. Pro se non perde, colle outras figuranzas o xenio, máis román e catoniano do que ático ou platónico, das castes de cerne artesán. A el pertencéu o poeta. A el se lle debe a forte intelixencia, e a teimosa vontade de loita pola mesma loita sen a gloria dunha fermosa causa defendida. Mais de novo acena o aspecto político e xornalístico de Lamas, e debemos procurar outro vieiro nas nosas recordanzas.

Chega Lamas ao esquema do grande poema da creación artística, erguéndoo dabondo sobre dos alicerces, mais non chegando a pechar as claves e abóvedas. Referímonos ao adicado a Oseira e o artista neno, frol da ermanza grandeira, o poema chamado “O demo e a nai”. Tamén en moitos poemas de Lamas acontece o que temos sinalado no deveñir conxunto ourensán. E se non nos chate de pouco amantes dunha cidade, a nosa, cuia delor nos foi sempre cara e fraterna. Mais sobre disto debemos deternos un chisco.

O tempo do vivir de Lamas Carvajal foi o máis tristeiro e magoado da historia ourensá, a pesares dalgúns lostregares de fartura comercial e de certos brilares urbáns. Franquéanse rúas novas con todo respecto ao sol e pedindo a súa colaboración, mais os outos ideás do romantismo fanáronse como se fanaron as viñas; e a mata espiñenta e ruín da política persoal, o espírito de Casino preguiceiro e resabido, o desprecio do paisano, a imitanza do alleo, impóñense con todos os mimos e ameazas da tiranía do ámbito dos fidalgos que fuxen da noite da aldea, dos funcionarios que pensan residir no seu balduque e so-

beranía nacional, das familias de “por qué” cada vez máis choídas na servidume da moda, nas xeneracións comerciais antigas e modernas que comezan a espallar os seus aforros con aire señoriteiro nos Entroidos e nas esmorgas.

A cegueira do poeta impúñalle o acoubar nunha caverna coma Milton. De fixo, a ialma de outos pulares sópoua encher de fermosas e outas pantasías. E cando estaba de verdade soio o poeta, non se podía decatarse desgraciado. Tiña a Deus, alentaba no ideal dun pobo. Sabía como milleiros de homes, e mulleres homildes, ulentes a terra, agardaban polo modular ledizoso ou doente dos seus versos e a forza da súa prosa de antigo petrucio sabidor e inocente como os antigos patriarcas. O rumor dun imenso pobo en camiño estaba con el. Tampouco estaba soio na conversa cos bos e cernes amigos: alumeábanlle as trebas as constelacións xurdidas na verba humanista de don Marcelo Macías, acalmáballe o xenio a bondade de don Benito Fernández Alonso, ría e disfrutaba como de neno ca gracia epigramática do bon escéptico e formidabre erudito don Arturo Vázquez. Era na Redación, no paseo ao celmoso sol do outono, no “Gabinete negro” do “Café de Pepe” cheo polo balbor ironista i entusiasta da ceibe conversa ourensá. Ao poeta cego achéganse os novos, sabían repousar con folgo e belidos ensoares aos seus pes: Eladio Rodríguez, ferver do viño do Ribeiro, don Antonio Rêy Soto, chama ardente suxeita á lei clásica, Cantón Alvarado, todo finura e calmo e preciso verso.

Lamas estaba soio cando tiña a obriga, case cotián, de escribir ao dictado, de inxerir o seu esprito na ponla venenosa do albre da xenreira, o egoísmo e vinganza, a porca avaricia, a satrapesca e valeira vaidade dos caciques, todos iguáis, todos treidores e onceneiros cas fermosas palabras que calificarían os seus partidos. Entón eles eran teebra que lle calcaba nos ollos e lle apenaba a alma. I este sufrir era xornaleiro. Pensaba na fermosa pobreza i exemprar libertade de Curros. Doíase do afastamento dalgúns bos e xenerosos. Non queremos nestas páxinas falar dos *Mostacillas* aparencias do faiscar de inxenio que Lamas espalla como un grande fidalgo espalla as súas searas, soutos e pazos na taberna, ou peor, no casinete da curta vila. Como era un artista facía ben a súa obrigación de forzado. ¿Qué importan hoxe uns e outros?. Os que mandaron pór unha bomba contra o home cego máis probe e máis flebe de Ourense, os que co gallo de pagarlle unha soldada o forzaban a deitar nas lamestras a testa merecente de ser acariñada polo ár puro da serra.

“Anque probe e sin lus Deus me alumea”, dixo, ca chea concencia de vivir na luz. E nela debémolo espreitar hoxe e sempre. Foi grande

e puro amigo. Chorou bágoas de soedade ao saber a morte de Teodosio Vesteiro Torres. Escribiu:

¡Adiós pra sempre meu queridiño,
dende as orelas do craro Miño
douche meu tenro doído adiós!
Triste palabra que padecendo
inmensas coitas, sáime morrendo
dendo o máis fondo do corazón.

(“El Heraldo Gallego”. Corona fúnebre a la memoria del inspirado escritor y poeta gallego. Teodosio Vesteiro Torres. 1877. Orense.)

Tivo as súas xenreiras con Alberte García Ferreiro. O autor de *Chorimas* e *Leenda de Groria* tiña os ollos sans e viventes, podía pasear ao amparo dos soutos herdados, non coméu como os nenos dos bairros probes de Ourense os morogos de Montealegre nin estribillou nas barroucas.

Gardamos a emoción de cando nenos do Instituto, límos no Posío, na mañán xeada que embazaba a fonte, o artigo de Carvajal ao día seguinte do pasamento de García Ferreiro, ben xoven aínda, en Santiago. Lamas maxinaba o enterro dende a inmortalidade. E a súa pluma choraba cando no cemiterio de Santo Domingo de Bonaval comezou a caír a neve, cando o féretro do poeta estaba disposto na dirección de Ourense.

E ás veces o vate civil chouta por riba das cadeas i escribe como puidera facelo Curros. Polos derradeiros do século, un batallón de tropa foi acuartelado nas parroquias de Valdeorras pra amparar o cobro das contribucións que os labregos non querían pagar. Nalgunha ocasión a forza fixo fogo, e unha bala perdida foi matar a unha pastoriña. A belida e inocente pastoriña do conto. O artigo de Lamas foi vibradoiro, inspirado, un chafarís de delor i ergueita xusticia. ¿Gárdase? Non o sabemos. Como o pranto polo pasamento de García Ferreiro, soio é pra sentido na inocencia e abrente da primeira xuventude.

O mundo político de arredor de Lamas e no que Lamas, por desdita, bulía demáis, era unha tristeira e ás veces cruel “chafallada”, era o “Esperpento” de Valle-Inclán. O mundo admirable na espresión e na ironía do *Catecismo do labrego* é un retábulo disposto polo demo. Hai un medo, vago e lonxao, a un erguemento dos labregos. E ningún

berro de protesta; é o *Catecismo do labrego* o antípoda de Curros. ¿Non creía Lamas na valencia dos poetas como guiadores de pobos? Na súa cárcere Lamas tiña fe na ironía. Abonda que os labregos vexan refrexada en letras de molde e pubricada aos catro ventos a súa miseria e vergoña moral, pra que lles naza primeiro o rubor de chama da vergonza, e ben logo o lume bruante da revolución. E o seu xefe había ser o Pai Mestre Marcos da Portela.

Foi o libro máis espallado nas aldeas e non por mitins nin propagandas. ¿Servíu soio pra rír nas lareiras e turreiros? Proba a finura de Curros. E cecáis unha íntima e amistosa contradición con Curros, co mesmo García Ferreiro... Ten algo dos panfletos espallados nos derradeiros do Medioevo entre os labregos da Xermania e os servos da "douce France". Unha ben concertada sucesión de folletos semellantes houbera sido de moito efeuto na terra galega. O primeiro movemento agrario puido, en moita parte, débese ao *Catecismo* de Lamas, do cego, apreixado na cidade e que vería cada hora da estercada das cepas, da seitura do pan, das longas noites das lareiras.

En castelán —na lingua acostumada nos xornalistas de entón— e no galego, foi Lamas un mestre ben conscente da beleza e os problemas da prosa. Un agasalleiro repouso, un se deitar pé da agromada carballeira, é o pracer da lingua prosaica de Lamas, ademáis coloquial, falada, lembradoira, cun ár de xentil autoridade de vello *clerc* i estudante na parla. Estamos pensando nos augafortes de *Os graxos da Burga*. Moitos enxames de rebeldes, mansos rebeldes, de hoxe, poideran os pensar como ilustres ascendentes. Tampouco maxinaban revolución. Habendo sempre en Ourense tantos, e algúns ben bós revolucionarios. O abade de Armenteira houbéaos amado. Outra creación de Lamas. No maxín do poeta sin dúbida parolaban e ás veces rifaban pra ficar máis amigos co vencello humán do incomodo entre homes, o Pai Mestre Marcos da Portela e o doce abade de Armenteira. ¿Non enxergades, queridos historiadores da Literatura, aos lonxes, entre a néboa donda do romantismo galego, pasar o Vicario Saboyano? Lamas foi de mozo, sospeitámolo, republicán e rousseauniano...

Poeta de Ourense, mestre nos entrefollos e as fugas do carácter ourensán, nado no bairro das testas fortes e as falas asiomáticas dos artesáns, os millores cidadáns das vellas e fidalgas cidades episcopáis, Lamas Carvajal precisa, despóis do seu pasamento, do amor das xeneracións. Del é ben merecente. De ser ceibado do seu tempo i estudado e sentido no íntimo do seu ser de grande e puro poeta, ca delor

UNHA VENDIMA N-O RIBEIRO

Pra quen as cousas de Galicia estima
un cadro arroubador e feiticeiro,
é o cadro qu' amostra unha vendima,
unha leda vendima n-o Ribeiro.

I

¡Qué protentos, gran Dios, qué fermosura
aló por San Miguel tén o viñedo
pr' o labrador que vendo co-a fartura,
seu traballo premeiar, móstrase ledo!
Mais non folga; abofellas, non sosega
hastra qu' o día d' a vendima chega,
que non ve seu desexo ben comprido
mentras non tén o viño recollido
fervendo drento as cubas, n-a bodega.

Com' á rico tesouro qu' é gardado,
as recedentes uvas él vixila
aló n-a noite prácida e tranquila:
tamen de día, pol-o sol queimado,
pon ûs montós de toxos n-o valado,
que dí veira ô camiño,
por si cicais ten mentres un veciño
de lle furtar o froito regalado
que dipindura n-o cepal d' a viña,
n-ela non pódea entrar, e sea bulrado.
Unha escopeta que seu pâi xa tiña,
c' o tempo enfurruxada,
descarga á media noite, e d' este tono,
quérr lle dicir âs xentes, que gardada
a viña fai pol-o seu mesmo dono.

Pracer mais verdadeiro,
nin mais legrías este mundo encerra
pra quen, non usureiro,
nin dado á barafullas, nin folganza,
fillos mantén c' os froitos que dá a terra;
pra quen rico porvir, leda esperanza,
n-o seu traballo pón, e cobizoso
d' o adianto de seus bés, solo procura
facel-os millorar. Non mais dichoso
home pode vivir. Igoal ventura
n-o seu dourado pazo esprendoroso,
o maniate que vive n-a fartura,
non poderá sentir, como á que sinte
o labrador n-o fondo d' o seu peito
cando a vendima chega: e non lle minte
a conta que botóu d' o seu proveito,
págalle enton a recolleita toda
seu traballo e sudor: Dios, dadiveiro,
abondosa lle fai a sacha, a poda,
y-a lódriga que fixo n-o Xaneiro .
Non hai conxunto eiquí mais feiticeiro,
nin prenda algúa de millor estima,
qu' o conxunto e ventaxas d' a vendima,
d' unha leda *vendima n-o Ribeiro*.

I I

Poéteco xardin, terra querida
d' o Miño pol-as augas arrolada
pol-o Outubro parés que nova vida
adiquire teu sér; rexenerada
érgueste logo, y-on barullo ledo
n-as aldeas resoa: os labradores
recolleitar os froitos d' o viñado
agasalleiros van: n-o Mayo as frores,
n-o San Xoan o centeo
e n-o Abril o lameiro remollado,
non teñen mais feitizos, mais primores,
qu' os qu' amostra un terreo
n-este tempo de cepas ben prantado.

Mira o tío Cibrao a viña sua
con namorados e riseiros ollos,
que ô cabo n-ela ten como fortúa,
viño n-as uvas, e n-as vides mollos.
¡En verdade que gloria causa vela!
Baixo de cada folla hay un cangallo,
carga que xa non pode ben sostel-a
o varal de carballo.
Cal este, pol-o menos, ten un cento
pol-o cepal endiante:
de maduroi-os graus, abren c' o vento:
de locentes, somellan o deamante;
non pode pedir mais, que vicio fora.
Limpa de tearañas a bodega,
—que d' a limpeza lle chegou a hora,—
e dempois de facer outras angueiras,
dispon a sua lexion vendimadora
con mocetós e mozas casadeiras.

I I I

Inda non ven a lus d' o novo día
esparxe craro o sol desde o nacente,
cand' os berros comenzan; a legría
corpo tomando vai n-aquela xente.
'O lombo os mozos botan o coleiro,
cada moza seu cesto colle eixiña,
os rapaces n-o brazo un gueipo colgan,
e todos xuntos van pol-o carreiro
brincando car' a viña,
e atruxan, berran, cantan, nada folgan.
O tío Cibrao agarda ond' a cancela
pra lles dar órdes; manda qu' os coleiros
pousen alí, e queden preto d' ela
hastr' os hencher, en garda os carrexeiros:
os demais compañeiros,
á vendimar comenzan; recollendo
os dourados recimos, vánse pondo
eiquí y-aló, e de camiño henchendo
un hastra acugular cesto redondo,
van tamén con mais ánsia e lixeireza

que mostra o cazador n-o mesmo instante
 en que preto de sí, ventou a peza
 que d' íl fuxindo vai diante por diante.
 Non hai un que se faga perguiceiro
 en axudar, non quer por cousa algúa
 que se deixe d' hencher logo un culeiro;
 si un sin folguexo vai, o outro súa.
 O tío Cibrao qu' herdou d' a nosa raza
 un tan bó curazón como nobreza,
 os seus esforzos á premiar empeza:
 chea de viño trai unha cabaza
 que, d' unha mao en outra, con cariño
 deixa pasar; e todos, anque alleo,
 segun teñen a sede, d' aquel viño
 beben hastra comprir o seu desexo,
 que alí, sin comprimentos cortesaos,
 amo e vendimadores,
 non vos son nada mais que bos hirmaos,
 pois o traballo xunta os seus amores.
 O viño vai facendo o seu oficio,
 pois anque non beberon
 pra que á perder chegasen o xuicio,
 mais faladores todos se fixeron.
 —Non tivo mala sorte, tío Cibrao,
 con voz agasalleira dí un d' os mozos,
 non pode ser millor o brencellao,
 mui ben debeu de lle poñer os pozos.
 —¡Pois non che digo nada d' o caiño!
 dille unha moza con acento brando,
 penso que n-o Ribeiro, vendimando
 ninguen un viño está como este viño.
 Namentres estes falan, agachados
 d' un parral entr' as follas amarelas,
 sin deixar de guichar á caron d' elas,
 alcóntranse acupados
 dous gordillós e brincadores nenos,
 en comer grao á grao, con moita presa,
 un recimo de *náparo*, que pesa
 de tres á catro libras pol-o menos.
 Embaixo, n-o fondal, seica non fala
 a xente que vendima, d' alí chega

hastr' enriba unha cántiga gallega,
o eco xemidor d' un *alalala*;
canción subrime, que n-as áas d'o vento
 dende lonxe traida,
d' un alma d' outro mundo doorida
un suspiro parés ou un lamento;
 canción feitizadora,
que axuntando tristuras e legrias,
ten pra o felis pracer e melodías,
consolo n-as soedades pra quen chora.

Os carrexeiros mentras van levando
â pia d' o lagar cantos culeiros
hencheran os demais, e precurando
non ser en valeirar d' os derradeiros,
y-unque a carga que levan é d' abondo,
de mais forza e valor, gala facendo,
dinlle que poña ô mozo qu' está erguendo
riv' o cesto culeiro outro redondo:
asina van pol-o camiño adiante
co-a testa baixa, mais de presa andando,
e sostendo co-a forza d'un xigante
os cestos, que de cheos van deitando.

Pra quen as cousas de Galicia estima,
¡cantos feitos ten unha vendima!
cadro de máxia é, onde se moven
animadas e ledas cen figuras:
eiquí dous mozos fan, aló unha xoven:
mais embaixo duas probes criaturas
bótanse á reboladas pol-a terra:
un moceton atruxa, o outro berra.
Cestos veñen e van, un xa valeiro,
o outro cheo d' o sabroso froito
todo aquilo parés un formigueiro
que sai á provisiós en tempo enxoiro,

D' a mirada de Dios debre refrexo,
o sol que co- a sua lus o día encanta,
diante d' aquel poético festexo
n-a sua carreira maxestoso adianta.
As doce son: n-o erguido campaário
soan as bateladas de costume;
páran de vendimar, é necesario

xantar con apetencia verdadeira
a comida que ben botando fume,
pois fai pouco saíu de xunt' o lume
qu' ardía en lavaredas n-a lareira .

Veira d' a cesta ond' os pucheiros veñen,
ús, d' os outros dempois, todos acoden,
e como en que sentarse alí non teñen,
n-o chao se sentan o millor que poden.
O tio Cibrao, que está mui compracido
d'a xente, pol-o que lle traballa,
querendo mais servir que ser sirvido,
un pan centeo grosso e ben cocido
á rabanadas curta co-a navalla:
dalle primeiro d' él ôs d'a sua veira,
dempois, de mao en mao fáino ir pasando
anaco por anaco, de maneira
que non s' esqueza un: están xantando.
¡Que barullo e pracer! Xa corre o viño
ô redor, ô redor, sin parar nunca;
non hai moza, nin vello, nin moción,
que non teña talladas n-a sua cunca.
Parolando e xogando, satisfeitos,
comen, sinon millor, con mais fartura
que n-a mesa d' un rei: non tal ventura
n-ela poideran ter, nin mais proveitos.

I V

O sol pódose vai: seus respradores
douran o val, feitizan o hourizonte;
os carneiros y-os años brincadores
á miudo bálán n-o veciño monte;
cantan as rás â veira d' os regatos;
pian os paxariños n-a alboreda,
y-algus grilos saíndo d' os buratos
entoan a sua canción de cote leda.
Armonías sin fin henchen o vento,
todo é misterio, amor e poesía
n-esa hora de dulce encantamento
qu' os agros teñen ô morrer o dia;
n-esa hora de paz, en que fuxindo

vai o sol alumear outros terreos,
e cando a lua xa parés rubindo
pol- a infinita inmensidá d'os ceos;
n-esa hora, ind' os mais vendimadores
os recimos curtando co-a ganchela
n-os viñedos se ven; ind' os millores
mocetós agardando ond' a cancela
están, porque lles henchán os coleiros,
de tal modo e maneira acogulados,
que por onde camiñan, os carreiros
van deixando de uvas sementados.
Inda atruxan e berran; inda entoan
algun ledo cantar d' a sua terriña,
e como respondéndolles, resoan
outros berros y-atruxos n-outra viña.
Barullo xeneral, voz que chegando
âs probes chouzas d' os veciños pobos,
no-s curazós d' os homes espertando
un novo pracer vai, feitizos novos.
Rebulicio feliz, concerto ledo
que lle dá vida e lus â morta aldea:
¡c' o cadro d' a *vendima* n-un viñado,
comparanza non ten cousa terréa!

E xa noite pechada,
cando a xente camiña car' a aldea
cansa de traballar; xa perparada
n-a casa o tío Cibrao tenlles a cea,
e dempois de lla dar, agasalleiro,
como gallego enxebre e verdadeiro,
dinantes de facer a lagarada,
goza en vel-os folgar n-unha trullada:
manda vir o gaitero,
—pois sin él unha festa non é nada,—
y-en menos d' unha hora, xa beilando
alcóntranse felices n-o turreiro,
cantos o dia enteiro
estiveran n-a viña vendimando.
Anque cansos, non hai un que resista
ôs infruxos d' a gaita arroubadora,
que todos teñen curazón d' artista;
sinten bulir n-a alma soñadora

emociós de legría verdadeira
ô escoitar esa máxica mistura
de amor, pracer, tristeszas e tenrura
que ten a nosa crásica muiñeira.

O FIADEIRO

I

Cando vai anoitecendo
y-as campanas d' a parroquia
o toque d' as oraciós
dooridamente dobran;
cando os eidos y-o traballo
deixa a xente labradora,
namentras que pol-os mortos
as almas cristianas rogan,
camiño d' o fiadeiro
van os mociños e mozas
mais satisfeitos e fonchos
que pr' a festa d' a patrona,
os us brincando c' os outros,
cantando entre dentes copras.

I I

Alí n-a casa d' o crego,
á luz d' un candil que colga
d' unha baraza de liño,
vense as rapaciñas todas
sentadas en longos bancos
y-en duas ringuileiras postas,
contando contos de bruxas,
turra que turra d' a roca.
¡Ay qué cariñas tan brancas,

qué xoviales, qué xeitosas!
¡Cánto fogo n-as miradas!
N-os labios, ¡qué risas tolas!

I I I

Alí tedes á Marica,
rapaza traballadora,
que fióu solo nantronte
dazasete mazarocas.
Unhas nove eran de liño,
as outras oito d' estopa;
pro tan feitucas, tan lisas,
tan acabadas deixounas,
que si fiaran n-os ceos
xurara que os anxes foran.
Alí tedes a Carmela,
que deprende de memoria
os cristos, ó calendario
e moitos libros n-a escola;
ela divos as palabras
como o crego d' a parroquia,
eses latís que se dicen
ô tempo d' alzar a hostia;
ela léevos de corrido,
facendo puntos e comas;
e si teñen en Bôs Aires
os seus cortexos as mozas
ela escribelles as cartas,
e de modo e xeito ponas
que adiviña os pensamentos
e canto sinten as noivas.
En fin, evos a Carmela
pr' o lugar unha doutora.

I V

“Calade... ei vén a trullada
d' os mozos de Santa Comba.
Condergados... ¡cómo berran
e cantas cántigas botan!

Calade... que tran pandeiro,
e tran ferreñas e conchas...
Runfla temos... ¡arde o eixe!"
Y-así din y-así reloucan,
os mozos pol-o camiño,
e n-o fiadeiro as mozas.

V

"Xa chegan... ¡chists!... caladiñas,
que xa están chamando á porta".
Pol-a cerradura un mozo
ó tempo que axexa, escoita,
c' o sombreiro car' atrás,
cal si á beber auga fora.
Loitan outros por guichare,
y-entre rempuxós e loitas
arrebulladol-os mozos
fan abrir de par a porta.
Entón ármase o barullo,
entón empezan as gordas,
trema o candil n-a baraza,
arreconchéganse as mozas,
y-os condergados d' os homes
quérenlle queimar a estopa.
—¡Non pode ser!—berran unhas
escondendo ô tempo as rocas.
—Non seades barafullas,
qu' o liño cartiños costa.—
Mais, ¿quén a ley alí pon,
si ningún dito se escoita?
Vense queimar as manelas,
os fusos pol-o chau rodan,
e cal si fosen o demo,
trafulcan o que' eles tocan.

V I

Comenza á tocal-o chifro,
logo a pandeireta sona,
¡cata que demo!, calados

quedan cando tal escoitan.
—Peneira ben o pandeiro,
dícelle Xoan à Calrota.
—¡Viva o fiadeiro, e vivan
os mozos de Santa Comba!—
Y-o pandeiro e pandeireta,
y-o chifro, y-as castañolas,
que dempois tañe o que baila,
e facendo dúo as conchas,
compoñen a leda orquesta
d' aquela trullada louca.

V I I

Cando cansan as rapazas
e rapaces de dar voltas,
y-as préguiceiras d' as vellas
dan coteñadas ou roncan,
séntanse logo n-os bancos
e dempois historias contan.
Hay quen dí con xuramento
que víu pol-a corredoira
d' o muíño, unh' alma en pena
en duas sábas envolta.
Esto que conta Xuliana
fai tremar de medo á todas.
Fala logo a tía Xertrudes
(por nomeada *Cazola*),
e di que víu a *Compañía*
sair de noite, á deshora,
e que n-o medio d' o adro
afondaran unha focha,
e que por ela fuxiron
as unhas dempois d' as outras.
Así vai correndo o tempo,
hastra que por fin escoitan
o ronco cantar d' o galo,
fixo relóx d' a parroquia
de noite, pois pol-o dia
sírvelles o sol de norma.
Oubindo tal, o fiadeiro

van deixando, que son horas,
é salen d' alí xuntiños
cada mozo coa sua moza.
Unhos van de parrafeo,
os outros cantando copras,
chegan â sua casa, e danse
as boas noites â porta.

Pouco dempois, os aldeanos
entr' as brancas sâbas folgan,
e sosega o pobo enteiro
agardando a luz d' aurora.

A ESCASULA

¡Qué noite aquela, qué noite!
¡Inda hoxe se me recorda,
pois encantos e legrías
deixou n-a miña memoria!
N-a orela esquerda d' o Miño
Alongos ergue as suas chouzas,
que anque probiñas, á moitos
traballadores acocha.
N-o pazo d' o Conde hachábanse
algunhas garridas mozas
e algús mozos, que viñeran
d' as mais veciñas parroquias,
e pol-o chau esparxidas
en montós, faguían moitas
espigas de millo, inda
recubertas co-as carochas;
un candil dipindurado
d' unha trave forte e longa,
con dous mecheiros alcesos,
alumeaba a sala toda.

Alí están xuntos o Xan
de Freixendo, a tía Antona
d' o muiño, o Facarelos,
a Trellerma, a Xenerosa,
o Farruco de Toen,
a Marica d' a Costoira
y-algús outros baralleiros,
e todos eles boas louzas.

Pra dar comenzo á escasula
solo lles falta unha cousa:
que chegue logo o caseiro
pra que os traballos dispoña,
e namentras que non chega,
como é xente que non folga,
homes e mulleres xuntos,
cantan, brincan, falan, xogan,

¿Onde estará? Tarda moito,
e tardar non lle tén conta;
mais cala, si non me engano
seica andiveron n-a porta
d'o corral, léveme xuncras
s' él non é que vén d' afora:
dito e feito; vel o ehí vén,
ehí tedes a sua persoa;
co-a sua monteira de pano,
co-as suas brancas cirigolas,
c' o seu fungueiro n-a mau,
c' un pito alceso n-a boca,
ehí o tedes mais prantado
que un xeneral diante as tropas.

Vend' o chegar, as "boas noites"
danlle mociños e mozas;
él sauda, e pondo logo
o fungueiro tras d' a porta,
falando asina, lixeiro,
comenza á dispor as obras:
"Tres d' os mozos que teñades
mais saude e mores forzas,
os culeiros cheos de espigas
ide levando pra fora;
as raparigas pequenas
ide recollendo as follas;
as demais escasulade,
pero tende muy en conta
d' as espigas d' o caruncho,
non axuntalas co-as boas."

Dempois que de tal maneira
fala o caseiro, sin outras
adevertencias, a xente
pr' o traballo está disposta;
e namentras qu' escasulan
e van recollendo as follas,
volven a entoar as doces,
as amorosiñas copras;
esas cántigas que teñen
a vaguedad misteriosa
d' as nosas tristes montañas,
d' os nosos vals e de todas
cantas frores dan ô vento
perfumes d' a terra nosa;
esas cántigas, sospiros
d' almas que xemen e choran,
lamentos de corazós
afrixidos pol-as coitas.
¡Cánta tristeza e tenrura
teñen as cántigas nosas!

O Farruco de Toen
y-a Marica d' a Costeira
fan calados. ¿Qué terán?
¿Sofren algunha congoxa?
Botádelle ben os ollos,
que cando calan é proba
de que algún penar d' a alma
as suas legrías lle rouba;
mais cala, o diaño d' o mozo
estalle botando â moza
as espigas qu' escasula,
como quen non quer a cousa,
Ela, c' os ollos cravados
n-o chau, xiquera se coida
de miralo, anque n-o peito
sufre d' as pasiós a loita,
porque non se deprecate
d' o seu amor a tía Antona,
que tén â veira; mais ésta,
vella avisada e bulrona,

vendo que can as espigas
preto de sí, bufa e roña:
“Seica m’ atentas, Farruco,
(dí berrando), mellor fora
e moito máis che valera
non sair d’ a tua parroquia
que virte facer eiquí
traballador, cando folgas.”

O Farruco escoita e cala;
mais non quere sin remposta
â vella deixar, e canta
entre dentes esta copra:

“Ben che quixera falar
d’ o meu amor, miña xoya;
mais non me deixa unha bruxa
que fadarme quixo agora.”

¡Quén tal dixo! Armou, rifando,
un barullo a tía Antona,
qu’ eu non sei o que faría
si o Facarelos non fora,
pois meténdose entre eles,
e turrándolle con forza
á ela pol-o dengue, díxolle
con voz de galiña choca:
“¡Resoño! non lle dea tino,
non s’ alrite, non sea tola,
como d’ a mau de quen veñen
débense tomar as cousas.”

O argallán d’ o Nicolau,
qu’ é lixeiro com’ a pólvora
e que sintindo rifar
alcóntrase n-as suas grorias,
¿sabes o que fai? Agarra
unha espiga d’ as mais grosas
e... ¡zau! tíralla ô candil,
e deulle tan ben n-a corda,
que de tanto abanear
por pouco pol-o chau roda.
“¿Quéres deixarnos á escuras,
Nicolau? (Dícelle a Rosa).

Pois por hoxe non rabeas,
non che toca, non che toca.”
Y-entre cántigas, atruxos,
entre ditos e parolas,
ven pasar aquela noite
as xentes traballadoras.

A *escasula* n-as aldeas
é unha festa cobizosa,
pois ven colleito o millo
que tanto sudor lles costa,
o millo que tanto regan
dinantes de que o recollan;
aque! pan que ha de mantelos
n-as noites d' inverno longas,
cando ô lume d' a lareira
á cocer a vica poñan.
¡Aldeas d' a terra nosa,
costumes da terra nosa,
cántos praceres gardades
qu' en moitos pobos non soñan!
¡Fillos d' as probes aldeas,
ben fagan as ansias vosas,
pois traballando folgades
mais que n-as cibdades folgan!

A CARREIRIÑA D'UN CAN

É xa costume en Galicia
de moitos anos atrás,
e como vella costume,
n-as aldeas xeneral,
de que cando un viaxeiro
vaille á calquer perguntar
si dende alí hastra o pobo
d' o cal en camiño vai
falta pouco, ou si cicais
tén moito que camiñar,
decirlle, anque desviado
s' atope unha légoa ou mais:
“Non señor, falta pouquiño,
a carreiriña d' un can.”

O Pepe de Chaguacedo,
mozo como poucos hay,
entrometido, valente,
e non sei que cousas mais,
deixou a vila de Trives
por ver d' Ourense a cibdá.
Por vez primeira d' a casa
sai o xuncras d' o rapaz,
non conecendo o camiño,
mais coidado non lle da,
pois sabe aquilo de que
quen tén léngoa á Roma vai.

Andivo, chegou ô Castro,
â Medorra e mais alá,
foi por Villariñofrío,
por Niñodairas, e mais
pobos qu' hoxe non recordo
nin vén á conto lembrar,
e xa s'alcontraba canso,
pero dixo: "Non lle fai,
hei andar, queiras non queiras,
hastra que non podia mais."

E cal o dixo, cumpríuno:
bota a monteira pr' atrás,
colga n-o brazo o fungueiro
que levaba n-unha mau,
e d' unha en outra alancada
chega á Esgos pra xantar.
Xantou o que moitos xantan
cando de camiño van:
unha boa cunca de caldo,
duas sardiñas, viño e pan.
Con mais forza e mais alento
d' Esgos salíu o rapaz,
e por un atallo estreito
camiña sin folguexar:
xa moito andivera, cando
á rente d' un carballedal
víu unha moza qu' estaba
n-unha roca fiando láa;
á carón púxose d' ela,
e díxolle: "¿Vosté fai
o favor de me decir
canto falta pra chegar
por este sendeiro á Ourense?"
Co-a vista fixa n-o chan,
a mocíña respondéulle:
"Pol-o camiño que vai,
andando moito e de presa,
logo á Ourense chegará,
pois dende eiquí falta solo
a carreiriña d' un can."

O Pepe d' o Chaguacedo
respirou, pois en verdá
iba alcontrándose canso
xa con tanto canear;
e por longas corredeiras,
traspondo montes e vals,
e brincando algús balados
ô Pinto logrou chegar,
pero levando n-os pés
unhas vinchas, que xa xa.
Topa c' un probe d' un vello
que guiando unhas vacas vai
as que d' un carro d' estrume
turran pra facelo andar.
“¿Cánto falta d' eiquí á Ourense?”
pergunta con louco afán.
Y-o qu' iba diante d' a xunta,
volvéndose car' atrás,
y-un monte cheo de piñeiros
amostrándolle co-a man,
dixo: “Baixando esa costa,
â volta d' o piñeiral
pode xa decir de fixo
que s' alcontra n-a cibdá,
pois dende alí vese a cruz
d' a torre d' a Catedral:
ande axiña, déase presa
si quere logo chegar,
pois fáltalle muy pouquiño,
a carreiriña d' un can.”

Perdeu a pacencia o mozo
e hastra chegou á xurar,
cousa que nunca fixera
n-a compañía d' os seus páis.
Tivo mentres de sentarse,
mais vendo a noite chegar,
seguíu camiñando o probe
facendo un esforzo mais.
Chegou diante de Lamela,
cando escoitou resoar

aló muy lonxe unhas cantas
bateladas de campás;
víu unha muller, e díxolle:
—¿Seica d' Ourense serán
as campás que agora tocan?
—Non son, enganado vai;
é qu' están tocando á morto
n-o Pereiro d' Aguiar
por un rico vinculeiro
que morreu esta mañá.
—¿Entón dend' eiquí hastra Ourense
fáltame moito que andar?
—Non señor, fáltalle pouco,
a carreiriña d' un can.

Por verse logo en Ourense
degorábase o rapaz,
y-unque canso e rabechando
andivo cada vez mais;
cando por fin s' atopou
ond' as portas d' a cibdá,
dando un suspiro, escramou,
volvéndose car' atrás:
“¡Non foi pequena, puñesflas,
a carreiriña d' o can!”

A VOLTA D' A SEGA

I

Por mala sorte inda hoxe
á buscar van á Castela
traballo de sega e malla
os fillos d' a nosa terra;
inda tempadas d' o ano
pouco menos que desertas
van quedando as nosas vilas
y-acurrunchadas aldeas.
¡Buscan o traballo fora,
cal si eiquí non-o tiveran!

II

Tristes están os gallegos
que aló traballan n-as segas,
sin os perfumados aires
d' o lugar onde naceran,
sin escoitar pol-as noites
n-as sombrizas carballeiras
as doídas bateladas
d' as campanas d' a sua eirexa.
Tristes están os coitados
n-os desertos de Castela,
como páxaros sin niño,
como ceo sin estrelas,
cal corazón sin amores

e com'as almas en pena;
por eso falan muy pouco,
que solo sinten e pensan;
por eso din os estranos
que os fillos d' a nosa terra
son insensibres e teñen
alma e corazón de pedra.
¡Que son insensibres, cando
morrendo están de tristeza,
tendo o pensamento fixo
n-o lugar onde naceran,
folgándose c' os recordos
d' as suas romaxes ledas,
d' as suas montanas, d' as suas
encanadas e ribeiras!

I I I

¡Cántas mulleres agardan
con louco afán n-as aldeas
porque ô seu lar volvan logo
os que traballan n-a sega!
¡Ay! Cántos nenos espidos
que xogan â veira d' elas,
perguntarán impacentes,
cando pol-as noites vexan
que non hay pan pra cear,
nin hay lume n-as lareiras:
“Miña nai, ¿noso paiciño
cando virá de Castela?”
Cantas veces as coitadas
d' angustia e de medo treman,
vendo qu' a xusticia âs portas
lles vai á pedir as rentas,
e sempre agardando, sempre
co-a esperanza lisonxeira
de que traigan algús cartos
os que traballan n-a sega,
entre fondos sufrimentos
pasan a vida n-a terra.

I V

¿E volverán? ¡Quén o sabe!
 Ben pode que xa non veñan;
 algús d' aqueles, xa mortos
 farán debaixo d' as herbas;
 outros, mais probes que foron
 alcontraranse, e namentras,
 os nenos que teñen fame,
 debres, agurradas vellas,
 os que traballar non poden,
 mulleres que non folguexan,
 n-as probes chouzas agardán,
 ¡agardán por quen non chéga!

V

Chéganlles cartas á moitos
 traballadores n-as segas
 d' os anacos d' a sua alma,
 que os agardan n-as aldeas;
 cartas queixosas e tristes,
 cartas que decote levan
 un dôr en cada palabra,
 un suspiro en cada letra:
 dinlle que se alcontran probes,
 sin centeo e sin facenda,
 que tiveron que vender
 o cocho n-a carta feira,
 e que n-o corral que teñen
 galiñas non cacarexan;
 róganlle que volvan logo
 pra poder pagal-as rentas,
 que por Dios traballen moito
 pra ver si é qu' asina mercan
 un xato y-un marrauciño,
 o mesmo que os que venderan,
 e dinlle outras cousas mais
 que o recordalas dá pena.

¡E qu' inda aldraxen ôs fillos
d' a nosa quirida terra
porque choran sin consolo
cando teñen unha perda!
¡E qu' inda digan que son
semellanza d' a miseria,
porque nunca dadiveiros
se mostran aló en Castela,
e porque gardan os cartos
mais que un tesouro de pelras!
os que tal din, ou non teñen
sentimentos, ou non pensan
n-as privaciós e traballos
que pr'os xuntar padeceran;
non saben que co-eles poden
salvar d' unha ruina certa
âs xentes suas que viven
afrixidas co-a probeza.

V I

Vel-ehí veñen os gallegos
traballadores d' a sega,
escarramelando os ollos
por ver de lonxe a sua aldea:
entoan un *alalála*,
a cántiga feiticeira
que lles da forza e consolos,
que os anima y-os alenta.
Dempois d' un longo desterro
respiran por vez primeira
os perfumados airiños,
os airiños d' a sua terra ;
e cal si rexenerados
s'alcontrasen solo en vela,
as tristes almas de onte
hoxe viven satisfeitas.
Xa ô lugar en qu' os agardan
os traballadores chegan;
xa se ven co-as xentes suas.
¡Que de bicos e de apertas,

cántas vágoas e sospiros,
e cántas palabras tenras!

Os probes traballadores
veñen negros, abofellas,
qu' o sol de terras estranas
moito mais qu' aluma, queima.
Negros veñen, os traballos
que tiveron en Castela
son d' aqueles que n-os homes
probas d' os seus males deixan.
Mais non lle fai; ledos hoxe
os sufrimentos non lembran,
pois solo d' a súa chegada
pensan en facer a festa.
Pol-a noite haberá gaita,
algús fogos e boa cea;
as mulleres locirán
os brancos panos de seda
y-os pendentés que trouxeron
os seus homes de Castela.
Alcóntranse satisfeitos
tendo pra pagar as rentas,
que non outra cousa logran
os que volveron d' a sega,
e son felices e folgan
cicaes pol a vez primeira
desque deixaron a súa
esquecida e probe aldea.

Non lonxe, ha de vir un tempo
en que sin sair d' a terra,
terán traballo os que hoxe
van á buscalo n-as segas.
¡Cánto tardas, cobizada
rexeneración gallega!

O FALAR D'AS FADAS

Fálame n-esa fala melosiña
que celestiales armunías tén;
fálame n-o linguaxe d' a terriña
s' é que me queres bén.

Se desexas probar d' o teu cariño
as tenruras, o fogo y-a pasión,
probas con me chamares “amantiño”
que me tés moito amor.

Se ch' eu digo que fora meu encanto
vivir sempre ond' a tí, xuntos morrer,
terás dito que sintes outro tanto
con escramar: “¡canté!”

Chámame “mintireiro” s' enganada
d' o que che diga chegas a dudar;
“toliño” si ó falar, pol-a calada
che roubo un bico ou mais.

Fálame n-esa fala qu' espresando
tristuras, fai sentir ó corazón
non sei que morno acabamento brando,
nin que vaga emoción.

Fálame n-esa fala pracenteira
que cando goces espresarnos quer,
é mais leda qu' os tonos d' a muiñeira,
e mais doce que a mel.

N-unha sola palabra dinos tanto
este noso falar feitizador,
qu' unha pulla, un poema, a risa, o pranto,
condensa n-unha voz.

Arrólame c' os ecos d' esa fala
que tan ben fai sorrir como chorar;
múseca que os oubidos non regala
d' as xentes d' outro chan.

Fálame n-o linguaxe d' os gallegos
se me queres facer moito sentir;
n-a fala que hastra en lábeos de labregos
non sei que tén pra mín.

Arrólame c' o ritmo regalado,
co' a sonora infinita vibración
d' o falar pol-as fadas inventado
pra meigar corazós.

Xa de neno, esa fala melosiña,
o meu feitizo, a miña groria foi;
fálame n-o linguaxe d' a terriña
s' e que me tés amor.

COMO CHOVE...

A D. MANUEL RIBADULLA

*Chove chove
n-a casa d' o probe.*

¡Vállame Dios que noite! ¡como chove,
como chove, e que lostregos se ven!
¿que guía os campos levarán? ¡Ay, probe,
probe d' o que non ten!

Con forza a pedriscar comenza agora,
riba de nós a nube descargou:
outra tal com' aquela que treidora
as terras nos levou.

Que d' estrozos fará nos nosos millos;
nin graos pr' a sementeira deixará:
¡ay amante muller, amados fillos,
quedádesvos sen pan!

O ano enteiro traballa pra qu' un trono
lle leve o que precura con suor,
ou ben escravo pra manter seu dono
traballa o labrador.

Parés, muller, que cae unha goteira
n-o leito d' os pequenos, vai a ver;
acende ese candil, e n-a lareira
bota foupas tamén.

Se mollados están os anxeliños,
tráinos aixiña e vámolos quentar:
¡inda por hoxe iñoran, coitadiños,
pol-as que pasa un pai!

O V E R M E

A D. JUAN M. PAZ

I

Por que lataba, us días, cuasi sempre
pol-o gando gardar, non iba á escola:
naceu e crióuse n-as montañas libre
com' as aves que aniñan entr' as rocas.

Pol-as noites d' a chuvia e d' a xeadada
pra se librar, buscaba n-a sua chouza
mal coberta de pallas agarimo:
tiña por luz o resprandor d' as foupas
que a mangados queimaba n-un currunchito:
tiña por cea solamentes broa,
por leito tiña o leito d' a facenda,
e por manta os farrapos d' as suas roupas:
tiña unha nai tulleita, que sufrindo
vivía d' o delor e d' a limosna,
e s' algo tiña mais qu' a sua miseria,
era un alma sensibre e soñadora.
Tal era Xan cando chegou a mozo,
pelra n-a cuncha mais cativa envolta.

I I

Non pensa o rico que n-o mundo hay probes
nin os felices n-os coitados pensan:
Xa co' a sua nai soliño cavilando
pasou tres días que durou a festa

d' o San Martín, o santo milagroso
e de mais devoción n-aquela aldea.
Todos, entr' o barullo y-os praceres,
tanto esqueceron á infeliz tulleita,
que de fame espirou a que vivira
chea de enfermédás e de miseria.

Algo estrano pasou pol-o seu fillo
n aquela noite de delor suprema,
tendo diante d' os ollos, d' a nai morta
sobre unhas pallas a figura rexa,
alumada d' as foupas e d' as uces
pol-a chisporrotante labareda:
algunha man treidora n-o seu peito
arremoveu o pozo d' as xenreiras,
facendo que á frol d' auga aparecesen
cobras e lodo en mesturanza horrenda:
algún xenio d' o mal, tizóu o lume
d' as suas pasiós, trocándoas en fogueira
que consumeu voraz as que gardaba
últimas esperanzas e creencias.

Desde estonces, sombrío, melancónico,
esquivando toparse c' os d' aldea,
buscaba mais a soedá d' os montes,
praciálle mellor vivir co' as feras,
e dend' estonces foi pr' os seus veciños,
xa que pantasma non, nin alma en pena,
un tolo, pois según aseguraban,
metéraselle un verme n-a cabeza.

I I I

Nin estúdeos, nin libros com' as coitas
d' un labrego vulgar fan un filósefo.
Quen mais sofre mais sinte; quen mais pensa
ten mais desexos d' afondalo todo.
Falto Xan d' as nociós rudimentarias,
sin mais axuda que o sentido própeo,
como moito sufriu caladamente,
tamén moito sentíu, e pensou moito.
Por natural incrinación propenso
a doerse n-o seu d' o mal d' os outros,

pensou n-os probes que com' él vivían
co' a fame en guerra y-en eterno loito;
e como si o restrego d' as ideas
fixese luz n-o seu cerebro, foron
aparecendo craros, latexantes,
o pensamento e raciocinio fondos;
d' esa grave e croel filosefía
espida de ilusiós, fíxose dono,
y-ós esprandores d' a intuición d' o espírito
chegou a ver con pavorento asombro,
qu' os enganos d' o mal son mais fecundos
qu' a doutrina d' o ben entre nosoutros:
chegou a conecer que si n-os homes
as vertudes de seu dan malos froitos,
hay acultos poderes que os colleitan
n-o corazón mais ermo e mais enxoito;
e pensou qu' era un crime que namentras
a probeza vivía n-o abandono
famenta, espida, miserabre, enferma,
a riqueza, agardando com' os corvos
a que a morte fixese n-ela vítemas
pra fartarse dempois n-os seus despoços,
enchía os cabazeiros pra pechalos
o mesmo que si fosen un tesouro;
y-a forza de pensar, chegou un día
en que volvendo car' o ceo os ollos,
escramou con acento de profunda
convición: "o problema está resolto"
e c' unha man batendo n-a cabeza,
falando a solas proseguíu: "Recordo
que hay un verme n-a terra tan pequeno
que non se pode ver nin con antiollos"
"este verme cativo, xordamente
roe, roe n-o millo, fai estrozos,
y-afuracando os graos, cheos de *nada*
com' a concencia d'os avaros ponos:
inda non ben a sua presencia ventan,
senten mudo terror, frio n-os hósos,
e pr' atallar a perda, n-o mercado,
mandan vender o grao, pan d' os colonos,
e mércano barato, e con fartura

poden manter os probes o seu corpo:
¡o que o deber y a relixión non poden,
faino ese verme, un átomo de polvo!
Facer medrar a praga, introducila
n-os graeiros d'os mais avariciosos,
facer qu' os homes sexan compasivos,
un verme sólo en movemento pondo
é facer un milagre, é ter n-o mundo
a misión escollida d' un apóstol.
¡Anemo! xa qu' á voz d' a caridade
algús oubidos queren estar xordos,
xa que non val a relixión, que vullan
os poderes acultos d' o gorgoxo:
¡verme, amigo d'os probes, según vexo
vales mais qu' algús homes... verme e todo!”

DEVOCIÓN..... POR COMENENCIA

A D. ARTURO VAZQUEZ NUÑEZ

*Señor San Amaro d' Oira
feito de pau d' amieiro,
hirmao d' as miñas chanquiñas,
criado n-o meu lameiro.*

(Cantiga popular).

Preto d' a ponte d' Ourense
está San Amaro d' Oira,
lugar que tén unha ermida
branca, y-unhas brancas chouzas,
á veira d' o craro Miño
e d' us amieiros á sombra.
Un devoto como hay moitos
que rezan si lles tén conta,
ó seu señor San Amaro
que hay n-aquela ermida d' Oira,
faloulle d' esta maneira,
según dicen vellas crónicas:

“Señor San Amaro d' Oira,
a axustarche as contas veño,
que non por tí seres santo
y-eu ninguén, como labrego,
heiche de pasar a bulra
sin que non faga o meu xenio.

Pedinche unha cativez
inda non fai moito tempo,
pedinche que lle pediras

a Dios, que ganase o preito
que c' o meu veciño Fuco
por tesón viña sostendo,
e pra que ben me serviras,
pra que vises que non teño
costume de ser ingrato,
e que non son cativoiro,
púxenche diante duas velas
acesas, faleille ó crego,
e mandei que che tivesen
unha misa con gaitero.

¡Todo me custou bos cartos!
(alá por us catro pesos,
que batín en catro rodas
como soles ó santeiro.)
Tamén che recei a maores
(vaya, non mintas, Lourenzo)
unhas cinco centas salves
y-outros tantos padre-nuestros:
¡como si tal cousa! nada,
todo foi nin mais, nin menos,
que voltarlle millo a páxaros
e pedirlle pan ó vento.

'O xuzgado pasei onte
pra enteirarme d' o meu preito,
vinme c' o Menistro, fumos
ambos a votar un neto,
¡e cal non foi meu asombro
cando estabamos bebendo,
e me dixo, (pero baixo
palabra de xuramento)
que o señor Xuez fallara
contra min, e que perdendo
saira o preito con costas
por non ter ningún dereito!

Conteille o caso d' as velas,
o d' a misa con gaitero,
e sin quitarlle nin porlle,
canto me pasou, conteillo.

O Menistro qu' en nagocios
de xusticia non é lerdo,

confesoume que surtía
n-as cuestiós millor efeuto
deixarse ver c' o escribano
que andarse c' os santos vendo:
¡e tén razón que lle sobra,
deprocateime hoxe d' elo!
¿En que xuncras eu pensaba
pra pedirche valemto,
pra gastar os meus cartiños
en facerche algús ousequios,
s' eres San Amaro d' Oira
feito de pau d' amieiro,
un santo com' outros tantos
que non teñen valemto
e que abofellas, crariño,
non sei com' estás n-o ceo?

A devoción que che tiven
pagáchesma ven con esto:
¡andar con velas e misas!
pra sair perdendo o preito!
¡ora! mais che me valera
precurar os amieiros
que n-o lameiro d' as Laxes
á veira d' o Miño teño,
pois entón como tí, santos
poidera mandar facelos,
¡vamos! anque s' estragase
moita madeira, por centos;
pois, señor San Amariño
mais que non ch' o leve o xenio,
heiche dicir pra vengarme
que d' ese pau eres feito,
qu' eres hirmau d' as chanquiñas
que postas n-os pés eu levo,
e que fuches San Amaro
criado n o meu lameiro.

A GAITA GALLEGA

Vago concerto que trae o vento,
que fire as cordas d' o sentimento,
eco d' o ceo, coro d' amor,
voz d' os espiritus anxelicales,
gaita gallega, tí moito vales,
arrulo brando d' o corazón.

¿E quén te fixo? Ninguén o sabe;
a tua armunía dulce e suave
solo creala poidera Dios,
Dios, que n-as nosas verdes montanas
puxo as suas galas mais soberanas,
himnos de brisas, xardís de fror.

¡Gaita gallega! bendita seas,
tí que feitizos tés n-as aldeas
cando parleira tocando vas,
tí que consolas sensibres almas,
tí que secretos doores calmas,
sempre en Galicia, sempre serás.

Eres o embrema d' a nosa fala,
fel semellanza d' ese *alalála*,
canto d' o noso pobo infeliz.
Cantos encantos, canta armunía
tén tarde e noite, mañán e día,
todos atopo xuntos en tí.

Xa des ô vento d' unha alborada
a melosiña, dulce balada,
xa d' as muiñeiras o ledó son,
sempre me praces, gaita gallega,
y-a tua tocata facendo chega
eco n-o fondo d' o corazón.

¡Ay, cántas veces, veira unha fonte,
sentín teus ecos que dende o monte
me trouxo o vento fresco e sutil!
¡E cántas veces sonando amores,
ô brando arrulo d' os teus rumores,
as miñas coitas adormecín!

Eres amante, sentida queixa,
que xa se chega... que xa s' aleixa...
entre concertos de vibraciós;
c' un mesmo tono tí ris e choras;
ris co-as tuas notas arroubadoras,
choras c' o ronco que fai teu fol.

Quéixaste, falas, sospiras, choras;
tí téis d' as augas murmuladoras
ese costante, prácido son,
a voz d' o xenio qu' o mundo corre,
o ¡ay! doorido d' aquel que morre...
os dulces cantos d' o rousinol.

Non hay un peito de bô gallego
que non che teña, gaita, un apego
tenro e subrime cal eres tí;
cantos sonidos o mundo encerra,
múseca branda d' a nosa terra,
tí, todos xuntos, deixas sentir.

Fillos d' a nobre, leyal Galicia,
non despreciedes esta delicia,
facede a gaita mais popular;
ben a muiñeira, ben a alborada,
deixade sea sempre tocada
n-aldea e souto, n-o monte e val.

O TANGARAÑO

Naceu co-a raquitis;
con vica, patacas e leite, criárono,
e medrou endebre,
sin forzas, enfermo, sin sangue, mirrado.

Daba noxo velo
n-o eixido d' a chouza n-un gueipo sentado,
ou andar á gatas,
ou ben com' as cobras n-o monte, d' arrastro.

Cando sol facía
n-o inverno, á raxeira soliño deixábano;
pol-o vrau poñiano
â sombra d' un vello, corpudo carballo.

Os outros rapaces
diante d' él pasaban reíndo e troulando,
con runfla e barullo
correndo cal leda bandada de páxaros.

Poñíalles medo
o mesmo qu' os móustros, e dáballes asco,
y-ô velo de lonxe,
decían fuxindo: "¡Tenche o tangaraño!"

A nai unha bolsa
colgoulle ô pescozo con escapularios
medallas e figas,
a pel d' unha cobra y-os ollos d' un sapo.

O señor Abade
mais de vinte veces foi á esconxuralo,
por mor de si tiña
o encrenque, n-o corpo metido un meigallo.

Cargou co-él ô lombo
seu pai, y-á pé feito foise ô zuruxano,
que o viu, e dispuxo
o mesmo qu' ás bestas, abrírlle un sedazo.

A Coba de Lobo
pra ver si o curaban tamen o levaron;
alí tres Marías
n-a pena furada tres veces pasárono.

Por si acaso fose
o ramo cativo, ¡non era mal ramo!
á San Pedro mártir
duas vellas con moitas ofertas levárono.

Co-a probe criatura
correron o antroido, fixeron o diaño,
os páis, os veciños,
á espaldas d' a cencia, y-en nome d' os santos.

Con tales securas
morreu consumido, viviu desecado,
un sér c' o que poido
o yodo con ferro facer o milagro.

¡Pra tan negros crimes
xusticia d' a terra non ergues cadalsos!
¡Non solo n-os corpos,
tamen n-as concencias está o tangaraño!

¡EY, BOY, EY!

Car' à vila de Monforte
camiña Xusto de Alen,
diante d' un carro de mollos
que vai à feira vender;
os bois turran con traballo
por mais de que os tanguen ben
pois van rubindo unha costa,
qu' inda pra rubila á pé,
teñen os homes un pouso
n-os comenzos que facer;
e namentres que os bois turran
e renxe o carro, o d' Alen,
berrando de cando en cando

“¡ey, boy, ey!”

vai axustando as suas contas,
que nunca lle saen ben,
por mais que as bota ô seu xeito
como vandes á saber:
“Nantronte ô brincar un balo
estordegóuselle un pé
ô meu fillo mais pequeno;
onte paríume a muller;
estou chamado á xüicio
pr' os derradeiros d' o mes;
debo dous anos de renta
ô fidalgo de Sober;
o preito c' o meu compadre
fallouno en contra o xüez;
teño que pagar us piques

d' a botica que levei,
os rédetos de dez pesos
que m' emprestou don Manuel,
o trabuco de consumos,
o d'a sal, e mais non sei
cantas outras picalladas
que me tran á mal tragner;
c' os vinte centos de mollos,
(son vinte, conteinos ben),
que van n-o carro cargados
y-â feira levo á vender,
á duas pesetas o cento,
oitos pesos collerei.
¿E co-estes cartos que fago?
si cumpro c' o meu deber
y-á pagar empezo... ¡adiós!
vánseme n-un *santiamen*,
e si co-eles vou mercar
centêo pra nos manter,
vén a xusticia á embargarme...
Vállame Dios, ¡qué farei!
¡Ay pol-as que pasa un probe
co-as obrigaciós que tén!
Mais... ¡cala! ¡Paroume o carro!
¡Ey, boy, ey!

O fillo maor que tiña,
era bô mozo abofé,
e n-o precural-as terras
axudábame por dez;
aquele fillo, ¡mal pocado!
foi ô servicio d' o rey,
e mandárono pr' o Norte
o ano satenta e tres,
cando os calristas en guerra
andaban pra pornos rey,
como si nós non tivésemos
un xa, que nos chega ben:
n-a primeira aución que tivo
seic' o día de San Miguel,
n-un que chaman Montexurra

ou monte de Lucifer,
caíu o probe ferido
d' un balazo n-unha sen;
d' alí levárono á Oteiza,
onde o probe foi morrer
n-un hespital esquecido,
como morren os ningués,
e cal si pâis non tivera
que a vida disen por él.
Van pasados nove anos,
día por día, mes por mes,
e inda os ollos se m' engradan,
e inda sinto remexer
non sei que delor n-o espírito,
e no corazón non sei
que sentementos extranos,
que me fan, sin eu querer,
dar agarimo á xenreiras
que non son d' homes de ben:
inda ô escoitar os salayos
que á miña infeliz muller
da, sempre que o morto fillo
â memoria se lle vén,
salayos fondos, muy fondos,
e mais amargos qu' a fel,
queixas d' un alma doorida
que outros consolos non tén
mais que pensar n-o seu fillo
e pidir á Dios por él,
danme, sin sabelo, antoxos
d' unha arrautada facer,
pra me vengar d' os aldraxes
que ôs probes lles fan as leis,
pra castigar esos crimes
que non teñen mais xüez
que Dios, nin outros testigos
que os que en sacreto croel
son d' eles vítimas sempre
e calan hastra morrer.
¡Ay d' os mártires sin nome,
sin corôas de laurel!

¡Ay d' aqueles que non chegan
o esprandor d' a groria á ver!
¡Ay d' o coitado paxáro
que nin aás nin niño tén!
¡Ay d' o mísero labrego
que está condenado á ser
un escravo d' o traballo
precurando alleos bês,
pra loitar sempre co-a fame
como non loita ninguén!...
¡Ay pol-as que pasa un probe!
¡Vállame Dios, cómo ha ser!
Pacencia, moita pacencia,
co-as obrigaciós que un tén...
¡E volta á parar o carro!
¡Ey, boy, ey!

Que somol-os homes libres
vin escrito n-os papés,
que temos iguás dereitos
diante á xusticia y a ley;
que os ricos son com' os probes
n-o tocantes á valer,
poil-os homes non se xuzgan
pol-as riquezas e bês,
sinon pol-o seu talento
e pol-a sua honradez:
non marra que o que lle poñen
din os xuncras d' os papés,
pol-o demais... ¡vaiche boa!,
todo pol-a contra é,
porque o rico gasta e trunfa,
y-o probe que nada tén
morre n-un curruncho â mioca,
ou adoce de se ver
esquecido pol-o mundo
sin que o aloumiñe ninguén.
Ponse un ladrón de lanvita,
e criminal como é,
alcontra quen-o agasalle,
quen lle fale con pracer,

e téñeno por fidalgo
e chámalle de vosté;
mais, vai un labrego á vila
co-a chaqueta d' o rivés,
pol-a mor de conservala
porque outra millor non tén,
e non dispón de diñeiro
pra mandar outra facer,
pois o traballo non loce
é gracias á que o mantén,
y-os pequerrechos d' a escola
corren berrando tras d' él,
y-apúpano com' un lobo,
e non podéndoo morder,
póñense os cas á ladrarlle
co-a maor desfachatez,
cal si os cadelos soupesen
que n-o mundo ô que non tén,
hay que tratalo á baqueta
y-aldraxalo sin temer.
¡Ave María de gracia
o que âs mentes se me vén!
¡Qué cousas un pensa âs veces!...
¡Bruxas fora! ¡San Andrés!
E co-estas melanconías
estraído e sin saber,
¡nin que me vise unha fada...
paroume o carro outra vez!
¡Tó, marelo! ¡Anda, xubenca!
¡Ey, boy, ey!

Estou xa preto d' a vila,
renxe o carro e renxe ben,
turran os bois canto poden
e muy logo chegarey;
vou darlle enxabón ôs eixes
pra que deixen de renxer,
porque sinon, Xusto, pagas,
a multa que puxo a ley,
e non estás pra soltare
os cartiños que non tés:

vou untar o carro eixiña
porque a vila xa se ve;
virán logo eses miñatos
que o que un trai veñen á ver,
e pediránme o trabuco
y-as cadelas soltarei:
paguemos ó de xusticia
que non é pouco facer;
mais, ¡ollo, Xusto e ten tino!
que non ch' esbaren os pés;
entra c' o teu carro untado,
que non-o sintan renxer,
á modiño, caladiño.
¡Xo, marelo! ¡Xa acabei!
Teñen enxabón os eixes,
roda o carro, e roda ben,
roda n-as lousas d' as ruas
e sin barullo meter:
botarme multas non poden,
pois fago o que manda a ley,
tan sabida, que non deixa
ôs labregos remexer.
Camiño d' a feira voume,
d' os primeiros chegarei,
dareille ás benditas ánemas
dous cartos si vendo ben,
e si cerro aixiña o trato
doulle un mais e xa son tres.
¡Ay pol-as que pasa un probe
co-as obrigaciós que tén!
¡Cómo a cabeza traballa
pra xuntar pra se manter!
Estou n-o campo d' a feira.
¡Gracias á Dios que cheguei!
Agora non pára o carro;
maus ô negocio, á vender.
¿Quén merca un carro de mollos?
¡Ey, boy, ey!

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

1. As figuras literarias —querse decir, os escritores—, non son clasificadas, catalogadas e xerarquizadas dunha vez para sempre. A crítica literaria é unha forma de opinión pública, ou está máis ou menos relacionada con ela. Así que o ambiente histórico en que se enmarca o xuício sobre o escritor, determina dalgún xeito ese xuício. Ese xuício está, pois, esposto a ser dominado polos prexuícios, polos *idola fori*, ou polos *idola theatri*. Aínda o xuez máis sereno, máis imparcial, máis ouxetivo, áchase mergullado na corrente histórica, e as categorías con arreglo ás cales ordena as súas esperiencias, teñen que rexistrar o impacto dos valores do tempo en que vive.

Os cánones, pois, varían. O prestixio dos escritores medra ou esmorece. E o que hoxe refugamos, e admiraban os nosos pais, ben pode mañá ser reivindicado polos nosos fillos.

2. A consagración da trindade poética Rosalía, Pondal, Curros no cume capitolino do século XIX non se consuma realmente ate os tempos de Nós. Os cruñeses, por suposto, xa con anterioridade viñan escluindo a Lamas. Éste achara, de entrada, unha dura oposición por parte do mestre, Murguía. Pero fora da “escola cruñesa”, formada ao redor da Academia, Pondal era amiude desconocido, ou incomprendido, ou vilipendiado. O seu postó na *trimurti* ocupábao Lamas Carvajal.

Nos tempos da revista *Nós* e do Seminario de Estudos Galegos, que son os tempos dos epígonos do simbolismo, pouco podía ser o creto

de Lamas Carvajal. É verdade que, como *Nós* se facía en Ourense, e os homes de *Nós*, tan universáis, ou polo menos tan européus, eran ao mesmo tempo tan ourensáns, de antre aquel fato de escritores houbo algúns, como Otero e Cuevillas, que consagraron a Lamas Carvajal garimosas páxinas. Endebén, é precisamente o ourensanismo de Lamas Carvajal o que aparez suliñado nesas páxinas, que non pretenden a apoteose dun poeta, senón a semblanza dunha personalidade vigorosamente implantada na vida local.

Lamas é un apóstol da relixión costumista, unha figura do desfile folklórico, unha imaxe para venerar na pequena eirexa aldeá, unha versión apenas literaria da sentimentalidade labrega. O outro, as loitas xornalísticas, a poderosa pegada no decorrer dos días ourensáns de home tan mergullado nas liortas municipáis e mestas, ficaba para os fillos de Ourense.

3. Emilia Pardo Bazán gostaba en Lamas Carvajal do sabor da terra. Ben que moi intelixentemente soupera valorar a poesía de Pondal, o seu rendido admirador —e así era correspondencia o agarimo da Condesa ao Bardo—, Lamas era verdadeiramente —coa imperfección do real— o poeta ideal da talentuda novelista. Doutrinalmente, ésta admitía o cultivo do galego como unha sentimental e pintoresquista manifestación de apego ás tradicións ruráis. Pasar estes límites, como fixo Rosalía en *Follas Novas*, era aberración ou incongruencia. Para a Condesa, a poesía galega ideal era a poesía rústica, obra dun poeta rústico que falara no verso xunguindo as rimas como o labrego fala no sulco xunguindo os bois. ¿E quen como Lamas se achegaba a ese arquetipo? Son precisamente os intres en que o cantor cego deixa traslucir a súa formación literaria, a súa calidade de poeta culto, os que no criterio da Condesa fan desmerecer a obra do autor de *A Musa das Aldeas*.

4. A superación da etapa costumista, pintoresquista, enxebrista, rexionalista do noso Rexurdimento literario, trouxo consigo o destronamento de Lamas Carvajal. Como a Condesa quería, Lamas, en liñas xeráis, falaba en verso como os labregos falan en prosa. As súas ideas, os seus sentimentos, a súa mentalidade eran as dun rústico. E esta fidelidade ao reproducir as vivencias dos nosos labradores, agás naqueles intres en que a erudición o traicionaba, constituían precisamente o seu engado. Cando o “galeguismo” substituíu ao “rexionalismo”, cando a Galicia “europea” se sobrepuxo á Galicia “aldeá”, a

humildade estética, o tipismo tónico de Lamas semellaron impropios da nova etapa. Pondal, moito máis artista, moito máis culto, cunha forza espresiva e unha nobreza estilística que representaban unha novidade na moderna literatura galega, escureceu a Lamas, e impúxose decididamente como colega de Rosalía e de Curros en troques do apagado e morno cronista da vida triste e lamacenta do asoballado e amargurado labrador.

5. Hoxe domina na temática literaria galega a preocupación social. Mesmo aqueles escritores cuas aptitudes e vocación os orientaban noutro sentido, esfórzanse —con raras escepcións— por producir o xénero literario que reclama o gusto dos consumidores. Co cal a poesía de tema social, de tan ilustre tradición no noso país, ten adquirido o carácter de produto de consumo, elaborado maquinalmente, conforme a fórmulas prácticas de química económica que co mínimo custo de produción satisfagan a coxuntura do campo de lectores dispoñíbel. De aquí que, a carón dalgúns poemas que poden agardar a permanencia do clásico, nos esmaguen coa súa mazorrall trivialidade masas enteiras de composicións axustadas á moda temática, pero nas que a forma artística se ten descoidado enteiramente, como se a sustancia ideolóxica poidera ser poesía por sí mesma, sen plasmarse nunha concreción estética.

Esta disposición do público, que obedece a causas en parte xustificadas historicamente e en parte resultantes dunha mentalización conseguida mediante un labor de planificación continxente, pode dar actualidade a Lamas Carvajal, xa que a súa obra, e precisamente no sector máis interesante, é un documento moi circunstanciado das condicións de desenvolvemento da vida social no marco da comunidade campesina. Pero a poesía social de Lamas, como a de Rosalía, diferénciase da que hoxe se usa e se consome en canto é máis documental que programática, máis elexíaca que invectiva, máis descriptiva que normativa. Secomasí, proporciona, precisamente por eso, miuciosa información sobre a sociedade galega do seu tempo. *A Musa das Aldeas*, por exemplo, é un coherente inventario das vivencias do campesino galego a fins do século XIX. Este valor informativo, por suposto, non ten relación co valor artístico do documento. Pero a capacidade de Lamas para reproducir a personalidade do campesino, ao traveso dunha fala de grande autenticidade, xa é unha calidade positiva que pertence evidentemente ao plano técnico literario. Esta asunción por Lamas —na parte máis xenuina da súa obra— da alma

do labrego, non vai acompañada, como é o caso de Rosalía, dunha aptitude de profundación, sublimación ou transfiguración do seu material empírico que desemboque na idealización e ennobrecimento da materia tratada. En Rosalía hai unha feliz conxunción do real e o ideal, que se identifican hegelianamente. Ese halo platónico é alleo a Lamas, que se mantén nun realismo máis superficial, e que, se algunha vez intenta pasar do concreto ao abstracto, do accidental ao esencial, se serve de patróns convencionais, moitas veces só violentamente aplicábeis aos datos experimentais que manipula.

6. Lamas Carvajal debe ser reivindicado como prosista, como o máis antigo dunha familia de prosistas ourensáns que aportaron unha contribución interesante ás letras galegas. Cando se fala da moderna prosa galega, é frecuente ignorar o labor de Lamas, Pérez Placer, Alvarez de Nóvoa, escritores de forte ourensanidade, ben que algún deles non nacera en Ourense e sitúe moitas veces noutros lugares de Galicia os escearios das súas narracións. *Gallegada* é libro manifestamente escrito para fomentar o cultivo da prosa, e o *Catecismo do labrego* é unha obra prima de literatura popular, o maior éxito editorial das letras galegas. Cicáis Lamas, como Pintos, fora mellor prosista que poeta, e cicáis no futuro sexa máis lembrado polos libros que se veñen de citar que por *Saudades gallegas* ou *Espiñas, follas e froes*. O *Catecismo*, orixinal e conmovedor testemoio do calvario do noso campesino, no que se evita coidadosamente a nota de anticlericalismo, tan familiar a Curros en ocasións semellantes, atinxiu nova popularidade nos nosos días coas reimpresións da colección *O Moucho*. É este *Catecismo*, verdadeiramente, a única produción de Lamas que ten vixencia editorial. Os demais libros hai moito tempo que non se editan. Lamas é un poeta de antoloxía, e, se cadra, abonda cunha escolma dos seus poemas e non fai falla a reedición da súa obra completa. Secomasí, neste ano 1972, no que se adica ao batallador e laborioso invidente ourensán o día das letras galegas, por ventura *A Musa das Aldeas* posta de novo en letras de molde sería incentivo para estudos lingüísticos e filolóxicos sobre Lamas Carvajal que, concebidos coa perspectiva que o tempo nos proporciona, contribuirán a alumear con nova luz aspectos interesantes da literatura galega.

CARBALLO CALERO

R E X I S T R O

	<u>Páx.</u>
VALENTÍN LAMAS CARVAJAL, por Ramón Otero Pedrayo	7
UNHA VENDIMIA N-O RIBEIRO	17
O FIADEIRO	25
A ESCÁSULA	30
A CARREIRIÑA D'UN CAN	35
A VOLTA D'A SECA	39
O FALAR D'AS FADAS	44
COMO CHOVE...	46
O VERME	48
DEVOCIÓN... POR COMENENCIA	52
A GAITA GALLEGA	55
O TANGARAÑO	57
¡EY, BOY, EY!	59
VALENTÍN LAMAS CARVAJAL, por R. Carballo Calero	65

17
 18
 19
 20
 21
 22
 23
 24
 25
 26
 27
 28
 29
 30
 31
 32
 33
 34
 35
 36
 37
 38
 39
 40
 41
 42
 43
 44
 45
 46
 47
 48
 49
 50
 51
 52
 53
 54
 55
 56
 57
 58
 59
 60
 61
 62
 63
 64
 65
 66
 67
 68
 69
 70
 71
 72
 73
 74
 75
 76
 77
 78
 79
 80
 81
 82
 83
 84
 85
 86
 87
 88
 89
 90
 91
 92
 93
 94
 95
 96
 97
 98
 99
 100


P&C

17
 18
 19
 20
 21
 22
 23
 24
 25
 26
 27
 28
 29
 30
 31
 32
 33
 34
 35
 36
 37
 38
 39
 40
 41
 42
 43
 44
 45
 46
 47
 48
 49
 50
 51
 52
 53
 54
 55
 56
 57
 58
 59
 60
 61
 62
 63
 64
 65
 66
 67
 68
 69
 70
 71
 72
 73
 74
 75
 76
 77
 78
 79
 80
 81
 82
 83
 84
 85
 86
 87
 88
 89
 90
 91
 92
 93
 94
 95
 96
 97
 98
 99
 100

ORLANDO CALLEJAS

Esta escolma
rematóuse de imprimir
o 17 de maio do 1972,
DIA DAS LETRAS GALEGAS,
nos talleres de "Artes Gráficas
Galicia, S. A.", de Vigo,
baixo o patrocinio do Instituto
de Estudos Orensanos "Padre Feijóo"

Esta coleção
compreende os seguintes
volumes de 17 de maio de 1911
por nos outros volumes
das folhas de "Atas Oculares"
Garcia, E. A., de 1911
com o protocolo de trabalho
de "Atas Oculares" "Atas Oculares"





REAL
GA

A C

30

Bib

AGA
ALEG

CORU

05

liot